



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

*1r*

“Rufina ihermosa,  
¿Tú qué fas aí?”

“Ando tornand'o gando  
que o traigo aquí?”

“Rufina ihermosa,  
vente tu connigo  
nises montes sola  
corres en peligro.”

“Non vou nin ireie  
traí' aquí o gando  
que o perderei”

“O gando Rufina  
non perdas coidado  
que se o perderas  
eu ch'irei buscá-lo

“Toxalá ió majo  
qué ben me deseas  
que deixe perdere  
facendas alleas”

“Vaite d'aí oh majo  
no' me dés máis pena  
que ha de vir meu amo  
traerm'a merenda”

“E se veu tu amo  
e di 'n qué t'embobache  
que veu unha niebla d'auga  
e que t'abrigaches”

“Vaite d'aí oh mago  
vaite d'aí corriendo  
non te quero ver  
nin de pensamento”



## ID#738

“Ió qué 'stás d'ingrata  
e de protendiente  
homes non son lobos  
que coman a xente”

“I eu si 'stou d'ingrata  
fago munto ben  
i eu si 'stou d'ingrata  
iasí me convén.”

“Xúrocho Rofina  
xúrocho de grado  
o que ch'aventureie  
traigocho ganado.”

“Si o tu tràs ganado  
i eu teño perdido  
coas túas palabras  
terme convencido”

[“Xúrocho Rofina  
iá fe de quen son  
xúrocho Rofina  
qu'eu teu irmau son.”

“Iрмаu da miña vida  
e do meu curazón.  
de canto che dixen  
pidoche perdón”.]

Xentiña do pobo  
iacudan ó gando  
que alá vai Rofina  
co seu nemorado.

Explicación falada da historia cantada.